

## NOTA DE PRENSA

# Nova edición das Xornadas de Concienciación en Ferrol para persoas sancionadas por tráfico

---

*Santiago de Compostela, 6 de maio de 2016* - Mañá sábado 7 de maio ás 10:00 horas iníciase unha nova edición das Xornadas de Concienciación en Ferrol, un programa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para condutores e condutoras con sancións por delitos relacionados coa seguridade viaria como alternativa aos tradicionais Traballos en Beneficio da Comunidade.

O programa desenvolverase durante dous meses nas dependencias da UNED en Ferrol (Rúa María Nº 52), grazas á colaboración do Concello de Ferrol a través da Concellería de Participación Cidadá e Normalización.

Durante oito sábados (os restantes de maio, o 11 e o 18 de xuño e o 2 e o 9 de xullo), as 16 persoas deste grupo participarán nestas Xornadas, que tras cinco anos acollidas polo Concello de Narón, volven celebrarse en Ferrol, de onde proceden a maioría dos asistentes. As Xornadas estarán coordinadas por Eduardo Anoeta e Paula Pereira, profesionais da psicoloxía con ampla experiencia no eido do tráfico. Este é o segundo grupo de 2016 en Ferrol, tras outro que se ofreceu entre marzo e abril ao que acudiron 24 persoas. Ao longo de 2015 participaron 65 persoas nas dúas edicións celebradas en Narón, xunto cun terceiro grupo en Santiago de Compostela.

O programa que conta co apoio da Dirección Xeral de Xustiza e de Institucións Penitenciarias (Unidades de Medidas Abertas), ten como fin concienciar os condutores e condutoras de que a seguridade viaria depende de todas e cada unha das accións que a nivel persoal e individual en disposición de asumir. Preténdese así diminuír o número de condutas infractoras, así como incrementar a motivación ao cambio para lograr maior responsabilidade e respecto ás normas. Ao mesmo tempo, búscase incrementar o autocontrol e a responsabilidade compartida nas vías, así como dotar as persoas participantes de recursos, medios e análise crítica para corrixir ideas distorsionadas sobre a conducción e a responsabilidade na estrada.

### **Saúdos,**

Se desexan solicitar **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns  
981 534 049 / 699 908 968  
[comunicacion@copgalicia.gal](mailto:comunicacion@copgalicia.gal)